

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de MAIO DE 2003**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na sesión **PLENARIA EXTRAORDINARIA** que se celebrará o vindeiro venres, día 23 de maio de 2003, ás **ONCE TRINTA HORAS**.

ASUNTOS

- 1.-Aprobación do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Irmandade de Doantes de Sangue para a adquisición e doación dun vehículo para utilizar en campañas de difusión da doación.
- 2.-Suscripción do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para o financiamento do Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel.
- 3.-Aprobación do Plan 2000 de rehabilitación do patrimonio histórico provincial (integrado na 6ª fase do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular), integrado polo proxecto de rehabilitación do Mosteiro de Caaveiro.
- 4.-Aprobación da rectificación e actualización do inventario de bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña.
- 5.-Convalidación das actuacións da obra “Mellora arredores de Pontepedra”, Tordoia, Plan XXI de turismo da natureza (anualidade 2001).
- 6.- Convenio tipo da campaña de actuación contra incendios forestais 2003.
- 7.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Grupo local de Desenvolvemento Rural Portodemouros para financiar o Proxecto Leader + de Portodemouros, eixe 2 “Cooperación”.
- 8.-Proposta de declaración sobre o recoñecemento ó Real Club Deportivo de A Coruña.
- 9.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ó quinto mes de 2003.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 23 DE MAIO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 23 de maio de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsase a Sra. Candocia Pita e non asisten os Sres. deputados do PSOE.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás once trinta e cinco minutos, o Sr. secretario le a Resolución nº 8.379, do 20 de maio de 2003, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A IRMANDADE DE DOADORES DE SANGUE PARA A ADQUISICIÓN E DOACIÓN DUN VEHÍCULO PARA UTILIZAR EN CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN DA DOACIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Atendendo á excepcionalidade deste pleno, tanto no que é a convocatoria coma na celebración, coma no contido, quero tamén que a miña intervención sexa excepcional e por iso vouna reducir a unha única para tódolos puntos da orde do día. Excepcional porque é evidente que esta convocatoria nin estaba prevista para celebrar, nin se contaba con que os temas que veñen incluídos na orde do día foran obxecto de debate nas comisións, e polo tanto co que nos encontramos foi cun procedemento rechamante, e como dixen antes, excepcional, que ó noso xuízo, non obedece máis ca a un intento do grupo de goberno por intentar, e nosoutros pensamos ademais que desafortunadamente, facer unha especie de pica en Flandes a dous días das eleccións municipais. Dá a impresión realmente de que a caravana electoral do Partido Popular chegou hoxe á Deputación da Coruña. E non é precisamente, polo que se está vendo, a caravana electoral que informa á cidadanía, que leva propostas de cómo se pensa gobernar unha institución, senón outra caravana electoral, a que pon as institucións públicas ó servizo do partido de goberno para intentar -que non conseguir-, variar cousas que xa se presumen que non van saír o ben que se pensaba. Nesta caravana electoral xa sabemos que levamos moitísimo máis dos quince días que dura a campaña con inauguracións feitas de forma acelerada, con acordos adoptados desde a Xunta, desde o goberno central, que intentan parchear políticas do que non se fixo durante os últimos catro anos, con camiões que inundan, cheos de grava miúda e chapapote, os camiños que levaban moitísimo tempo sen arranxar, e ultimamente pois coas cartas do presidente da Xunta, que anda moi preocupado pola posible perda da Deputación da Coruña, e que lanza un S.O.S. con distribución masiva a través das cartas á cidadanía, pedíndolles, parece ser, un goberno estable, serio e moderado.

Eu voulle ser franco, con perdón, non é que nosoutros tivesemos confianza en que isto non se fose producir; é máis, se teño que afirmar, case case barrallabamos a posibilidade de que se apreciara algunha sorpresa antes de que se celebraran as eleccións municipais e de que se convocara de novo outro pleno extraordinario, e que non se tivese ademais un respecto escrupuloso ás regras de xogo, como pensamos ademais que unha institución como esta ten que ter, porque quero lembrar ademais que non vai haber eleccións á Deputación da Coruña, non son directas; nos concellos un aínda se pelexa polos votos, aquí é que non ten moito senso. E nosoutros xa sabiamos que o Partido Popular ía aparecer a última hora, porque cando vostedes faltaron á súa palabra, non o fixeron. O día 9 convocaron ese pleno, incluíron algunhas cousas, e agora fixeron esta nova convocatoria con cousas que, segundo vostedes, algunha delas require ser solucionada antes do día 25, no que entraríamos, como ben se sabe en funcións.

Pero tampouco vale. Tampouco vale. Dos temas que veñen hoxe aquí entendemos que ningún deles acredita ou xustifica a excepcionalidade da convocatoria deste pleno. Non se nos dirá a nosoutros que o tema das cuadrillas de incendios, no que máis presuntamente se insistiu, xustificaría a excepcionalidade do debate no día de hoxe. Primeiro: porque é inexplicable que, sabendo vostedes que as cuadrillas de incendios se constitúen todos os anos, de que o mecanismo de colaboración a través do convenio coa Xunta de Galicia e os concellos que teñen esas cuadrillas faise durante todos os anos, a grande interrogante, a pregunta do millón, é ¿por que vostedes non trouxeron isto ó pleno do día 9?, ¿que xustificación existe para que non viñera ó pleno do día 9?, xa supoñendo que isto non se puidera resolver, que é moito supoñer, e en todo caso sería discutible, que non se poida resolver no pleno ordinario que teríamos -e digo teríamos porque tampouco se vai facer, que se cambia-, a vindeira fin de semana, é dicir, a semana seguinte, o derradeiro venres de mes, que é o día que tocaba.

Entón, supoñendo que non se puidera meter ese tema despois do 25, a gran pregunta que fago eu é por qué non o trouxeron o día 9, se o pleno do día 9 era para amañar precisamente as cousas que se quería que non quedasen pendentes, e os incendios xa sabiamos que era un tema que tiñamos que resolver. Polo tanto, foi a responsabilidade do grupo de goberno, que seguro que moi intelixentemente deixou temas aparcados para despois intentar presentar unha xustificación para o pleno de hoxe.

Realmente o tema da proposta que se trae respecto ó Club Deportivo da Coruña é un pouco máis rechamante. Eu creo que, supoño que o grupo provincial do Partido Popular non descubriu agora a importancia da institución deportiva, a importancia deste club, non soamente no ámbito da provincia, senón coma un club galego, coma un fenómeno social que ten unha importancia que vai a maiores da propia actividade deportiva que desenvolve, e que suxería, e ademais demandaría, un recoñecemento como é o caso que trae hoxe aquí esta institución provincial. Eu supoño que non sería unha cousa de última hora; a min sorpréndeme

que vostedes non fixeran o recoñecemento durante estes catro anos que pasaron, e abráiame máis non soamente que non fixeran o recoñecemento senón que nin sequera iniciaran o expediente, porque a todo isto, e como ben se me transmitía a min, xa sabemos que o acordo que hoxe se tomaría aquí sería un acordo inicial que se dilucidará cando o expediente termine, que vai para tempo. Polo tanto, tamén é un traballo en balde, é dicir, o que traen vostedes hoxe aquí púidose ter feito antes e pódese facer perfectamente despois. ¿Que pasa? Que parece que interesa facelo en campaña, e non sei se de súpeto o grupo provincial do Partido Popular na Deputación da Coruña pretende que se escriba, ou que se describa, mellor dito, que se asinen as paces co Sr. Lendoiro. E digo isto das paces porque tamén é interesante dicilo, non foi precisamente que vostedes lle fixeran un recoñecemento ó labor que fixo o Sr. Lendoiro cando foi presidente da deputación, senón que ademais aquí en certo momento vostedes dixeron que a política que se fixera nos anos anteriores non era do Partido Popular, senón que mesmo era do Sr. Lendoiro, e lembro aquí cando tiñamos os debates respecto ós modificados. Vostedes sempre tiveron moito interese en distanciarse do que fixera o Sr. Lendoiro co Partido Popular, non o Sr. Lendoiro en solitario, e agora o que me chama a min poderosamente a atención é que parece que descubren esa nova amizade, da cal eu alégrome porque nin eu nin as miñas compañeiras de grupo, nin o meu grupo político ten ningún problema en absoluto co Sr. Lendoiro, agás o que foi o debate político cando el era presidente da deputación, e polo tanto nosoutros non temos que refacer ningunhas paces, pero é unha “cantada”. A proposta que se trae aquí no día de hoxe é unha “cantada”, porque ademais coincide con toda unha ringleira de propostas que están saíndo respecto á cidade deportiva, etc., etc., que é un claro intento, eu diría intento porque non vai ser así, porque a cidadanía non é tonta, é un intento de instrumentalización dun fenómeno social en beneficio do que pensa o Partido Popular que pode arañar con esta manobra de última hora. E iso é xustamente o que non se pode facer en política. Isto é o que non se pode facer en política, o que vostedes hoxe pretenden facer aquí: intentar instrumentalizar os fenómenos sociais, ou carencias ou necesidades dos concellos, e volvo ó tema das cuadrillas que dixen antes para intentar aparecer coma un pleno normal e ordinario cando sabemos que isto busca -outra cousa é que o consiga- os obxectivos.

E teño que dicir ademais que a propia convocatoria que vostedes fixeron ten unhas características que son tamén un pouco esperpénticas, porque xa dixemos no último pleno, no que se celebrou o día 9, que había que ir con moito coidado, que non nos puxeramos nerviosos, que non se poden perder os papeis por moito máis que a un os datos lle dean, xa veremos o que di a cidadanía, pero non se poñan vostedes nerviosos, e vostedes perderon os papeis, pero ademais literalmente, e nunca mellor dito o de perder os papeis. ¿Por que perderon os papeis? Por convocatorias de comisións e de plenos que cheguen tarde e mal; por expedientes que van a comisión para seren discutidos e, ou non están, ou están incompletos; por asuntos que van a comisión e logo se retiran, entre tanto que se inclúen outros que non figuraban inicialmente na orde do día das comisións. Isto é un reflexo do que pasou nesta acelerada semana, onde cousas que ían desapareceron, cousas que non ían

apareceron de novo, etc., etc. Realmente un grupo político que quere dar un exemplo de seriedade, e como di a carta do noso ilustre presidente, dun goberno estable, serio e moderado, ¿ten necesidade de facer iso cando faltan dous días para as eleccións municipais? ¿non lles parece a vostedes un pouco... infantil, diría eu, ademais cando sairá o que sairá? as eleccións van ser e xa se verá o que pasa, pero en todo caso non se crean vsotedes que por mover isto van conseguir a última hora.

E polo tanto, eu teño que dicir ademais que mesmo a propia convocatoria deste pleno, e quería que constara ademais así en acta se fixo, ou polo menos a algunha xente lle chegou dunha maneira tamén un pouco rara. Debe de ser produto dese cambio, que nosoutros tamén descoñecemos a qué obedece, da mensaxería da deputación, pero desde logo quería deixar tamén ben claro que se están producindo cousas moi raras nas convocatorias de plenos e comisións en función dunha nova empresa, ou particular, que está traballando con isto, que está facendo as cousas tamén dunha maneira un pouco rara. Pero en todo caso isto se fixo soberanamente mal.

E como se fixo soberanamente mal, nosoutros estamos aquí porque é o noso deber; nosoutros fomos convocados a un pleno, e penso que non se poderá dicir do Bloque Nacionalista Galego que non tivera exquisito respecto polo funcionamento das institucións e pola función que nos compete a nosoutros, a nosoutros convócasenos a un pleno e vimos, pero vimos a dicir o que pensamos.

E entón eu vou facer unha proposta, e sintetizo, e vou ademais a terminar a miña intervención, porque vai ser a única que vou facer neste pleno. Eu propóñolle ó Sr. presidente, é a proposta que facemos, que se retiren todos os temas da orde do día que figuran aquí, e que se inclúan no pleno ordinario que se debería de celebrar tal e como estaba previsto, porque non hai ningunha situación excepcional que xustifique, entendendo como entendemos que hai temas singulares que van hoxe aquí ós que nosoutros lles daríamos ademais o noso voto favorable, total e absolutamente, a moitos deles. Pero en política tamén son importantes as formas, e as formas en momentos concretos, e hoxe é o caso de manter unhas formas determinadas nun momento concreto. Polo tanto, a excepcionalidade non se xustifica, nosoutros facemos esa proposta de retirada de todos os asuntos da orde do día, e de inclusión, en función do mecanismo que está estipulado, e da metodoloxía que se utilizaría normalmente, que na situación na que estamos, na normalidade e non na anormalidade que vostedes pretenden xa, antes de que se saiban os resultados, pretenden imprimirlle o funcionamento por parte da deputación.

Termino dicindo que é evidente, e que a cidadanía entenderao así ademais, que tamén na política que se fai nesta deputación hai dúas formas diferentes de ver cómo se fan as cousas: a que fixeron vostedes durante catro anos e que hoxe se resume no que acabo de dicir, nunha forma trapalleira, deslabazada, de facer as cousas, na perda de papeis total e

absoluta; e outra fórmula, que foi a que defendemos e defenderemos desde o BNG, que é o respecto escrupuloso ó funcionamento das institucións, ás convocatorias, á transparencia nos debates, a que estean todos os expedientes en condicións, e a que se discutan as cousas cando se teñen que discutir, e sobre todo o respecto ás formas en que se fan, no senso de non se meter en plenos procesos electorais e intentar emendar cousas que a cidadanía vai substanciar a través do seu voto o día 25, e que non se vai ademais modificar porque vostedes aproben hoxe unha cousa aquí ou non. E polo tanto, se o importante é o respecto ó funcionamento das institucións, e o importante é o respecto ás formas, eu tamén os animo a que apoiem a proposta do BNG de retirar os temas da orde do día, e que as formas -polo menos, xa que o fondo non queda salvado-, que polo menos as formas do que foi o goberno durante os catro anos queden salvadas.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Da intervención do voceiro do Bloque vai un tema que estamos de acordo, pero soamente un: que cremos que por facer este pleno non se vai modificar ningún tipo de situación electoral distinta á que estea prevista, porque xustamente a deputación provincial, esta institución, non ten caravanas electorais nin ten ningún aspecto transcendente que poida parecer.

Nosoutros entendemos que é un pleno normal, que é un pleno que non é a primeira vez que se celebra nestas mesmas condicións. Eu lembro, por exemplo, un pleno celebrado o 9 de maio do 95 e o 19 de maio do 95, en sesión plenaria extraordinaria o 19 de maio, onde ademais no ano 95 había algún tipo de convenio cun concello determinado, ou había un tema dun préstamo para financiar un plan de vías provinciais. Iso no ano 95, pero é que no ano 99, no mesmo día que hoxe, celebrouse un pleno extraordinario e ninguén puxo ningún tipo de reparo, senón todo o contrario; as eleccións do ano 99 foron o 13 de xuño, pois o día 11, teño diante a acta de celebración desa sesión plenaria, é dicir, dous días antes, e polo tanto o que el representante do Bloque entende que é unha situación excepcional de convocatoria de plenos, nosoutros entendemos que é un procedemento legal, é un procedemento, en todo caso, ordinario.

E tamén, de todo o que escoitei, o que saco en conclusión é que hai un punto que non lle parece razoable, porque dos demais creo que non fixo ningún tipo de mención, e é a proposta de declaración sobre recoñecemento ó Real Club Deportivo da Coruña. Eu creo que non é un tema de deputación provincial, porque en todos os ámbitos estase facendo un recoñecemento ó Club Deportivo da Coruña, e nosoutros, a pretensión é que non fora un recoñecemento de ningún grupo político en concreto, senón que fora o recoñecemento dunha institución. E lóxicamente, ese recoñecemento ten moita máis forza se se acude á

convocatoria, e mesmo se se manifesta se se está de acordo coa aprobación dun convenio coa Irmandade de Doadores de Sangue, ou cun programa de apoio a deportistas galegos de alto nivel, ou á rehabilitación do Monasterio de Caaveiro, ou ó inventario de Bens, que é un punto da orde do día de procedemento, ou á convalidación de actuacións dun concello da provincia. Home, entendemos que na campaña de actuación contra incendios forestais hai que tomar un acordo para levalo adiante, o que non debemos é tomar un acordo no mes de agosto, creo que sería pouco responsable tomar ese tipo de acordo no mes de agosto.

Polo tanto, parece oportuno, e non hai un só punto na orde do día que poida facerse mención de que non é o momento oportuno ou adecuado, nin hai ningún punto na orde do día que sinala ningún tipo de intencionalidade sobre o labor do goberno; é unha orde do día igual que podía ser a de hai quince días, a de hai un mes ou a de hai dous meses. Polo tanto, repito, sobre o que dixo o voceiro do Bloque, o único que fixo mención foi a esa proposta do Real Club Deportivo da Coruña, e loxicamente, a intención deste grupo de goberno é que fora a declaración institucional da Deputación provincial, non xustamente de ningún grupo político, e polo tanto os demais puntos entendemos que son de carácter ordinario.

E loxicamente non estamos de acordo en retirar ningún dos puntos da orde do día sobre a proposta que fai o voceiro do Bloque.

Sr. Rodríguez Doval

Non tiña pensado intervir porque ademais dixen, eu intento cumprir a miña palabra, non coma outros, pero é evidente que cando o voceiro do grupo de goberno da deputación malinterpreta malintencionadamente e malevolamente as miñas palabras, pois eu, naturalmente, teño que falar. E non é porque me guste perder o tempo, que sei que o perdo, en concreto con el ademais, perdino durante os últimos catro anos e seguramente o perdo hoxe tamén, pero en todo caso as actas quedarán aí.

Mire, Sr. Varela, eu son o voceiro do grupo do BNG na Deputación da Coruña; o que vostede lle queira contestar a outros grupos e a outros responsables de cousas que se fixeron dunha forma ou doutra, vostede terallo que contestar a eles; nosoutros nunca convocamos, de momento, nunca convocamos un pleno nesta deputación, e teña por seguro unha cousa: nunca o convocaremos nas condicións nas que vostedes convocaron este, ¿sabe por que? porque aparte de facer as cousas mal, a nosoutros mentíusenos, a nosoutros enganóusenos, a convocatoria do pleno do día 9 tiña xustificación e tiña fundamentación precisamente na idea e así se nos transmitiu ó noso grupo, e penso que ós demais tamén, tiña fundamentación na idea precisamente de non entorpecer, de non entrar, en campaña electoral, e de solucionar aqueles temas que sabíamos que había que solucionar antes de que entráramos en campaña electoral. Se vostedes convocan ese pleno, e nosoutros, con boa fe, asumimos iso, por certo con problemas porque algunha das nosas compañeiras non puido

estar aquí porque era pola tarde, e sempre os plenos son pola mañá, se facemos ese esforzo, entenda que nosoutros temos que asumir que cando se produce unha nova convocatoria como a de hoxe, prodúcese por situacións de excepcionalidade, ¿e cales son as situacións de excepcionalidade?, ¿son todos os puntos que viñan incluídos na orde do día? vostedes seguramente poderían incluír algúns máis; é máis: afirmo que vostedes tiñan pensado incluír algúns máis, que seguramente despois lles pareceu non oportuno incluílas, vostedes saberano, eu non son adiviño, eu o que teño diante de min son os nove puntos que conforman a orde do día. E nosoutros dicimos que deses nove puntos que veñen hoxe aquí, un deles debería estar solucionado con antelación. Vostede fálame do tema dos incendios forestais, pero ¿que pasa, que é a primeira vez que se asina o convenio?, ¿é a primeira vez que se discute nesta deputación?, ¿estoulle eu dicindo que vostedes agardan ó mes de agosto para asinar os convenios? eu díxenlle o contrario, díxenlle que por que vostedes non os asinaron no mes de abril, que por certo se o tempo vai como empezou a ser estes días, posiblemente teñamos incendios antes de que teñamos convenios e de que teñamos cuadrillas, como pasa sempre. Polo tanto, non lles estou dicindo que esperen a agosto, estounos recriminando -e vostedes deberían de entender-, que non o fixeran en abril; esa é a cuestión.

Mire, con respecto ó tema do deportivo, eu creo que vostede non entendeu o que eu dixen, e ademais eu creo que a vostede traicionouno de novo o subconsciente. Vostedes queren unha declaración institucional, ¿quérena ou non?, a declaración institucional constrúese con base en, primeiro: ó contacto cos grupos políticos, e despois ó consenso cos grupos políticos. Fíxese vostede qué consenso ten vostede hoxe aquí: cun grupo político que non está, e con outro grupo político que lles está recriminando que vostedes queiran meter isto pola porta de abaixo. Se vostedes tiveran un mínimo de decencia, de ética política, ese tema retirábase, porque se é certo -e supoñamos que é certo-, que vostedes non pensan que iso vailles dar rendibilidade política, eu penso que non, porque a xente é moito máis intelixente do que a vostedes lles pareza, ¿que interese hai en que saia hoxe este tema aquí, cun grupo que está ausente -as súas razóns terán, non o sei-, e un grupo que lles está a dicir que non nos gusta como se fixeron as cousas?. Poderíamos levantar este pleno cinco minutos e intentar consensuar, ¿verdade, Sr. Varela?, unha declaración institucional, ou un acordo institucional, por unanimidade, que vostede sabe perfectamente que se pode construír, e que aquí non se constrúe, primeiro: porque vostedes propiciaron a ausencia nun caso e o desacordo noutro, ¿e iso sabe de que é indicativo? de incapacidade política. Fíxense vostedes que termina unha lexislatura cun tema destas características, e xa é penoso ter que estar falando disto aquí onde propician vostedes o desencontro en nome de non sei que, non sei que acordo queren sacar vostedes hoxe de aquí, porque unha declaración institucional, lémbrollo, é outra cousa moi distinta, e aínda que se teña a maioría, procurar ter a unanimidade e procurar ter o consenso. E hoxe aquí é imposible. Entón, eu, se fora vostede, á vista de como está o tema, xa automáticamente pedía eu a retirada, se eu fora do grupo de goberno, á vista da situación, dicía: este tema como pode quedar, a min interésame construír

unha unanimidade e un consenso en torno a iso, e vouno deixar. Vostedes saben perfectamente por que queren continuar nesta maquinaria; vostedes seguramente pensarán nun titular que mañá poida pór que o BNG se opuxo á declaración. Pois nosoutros dixemos absolutamente todo o contrario, e dixemos ademais unha cousa máis: que nos parece raro, e moi raro, que non se fixera isto antes, pero en todo caso, como nosoutros tampouco o fixemos, e neste aspecto tamén somos autocríticos, hai que selo, como nosoutros non o fixemos, fagámolo todos ben. E podemos facelo perfectamente no pleno do día 30, porque é comenzo o expediente, non é terminalo; polo tanto, eu creo que está vostede intentando levar o debate a unha parte que non existe.

Eu non teño máis que dicirlle, eu creo que a nosa posición é clara, total e absolutamente, os outros temas non dependen do acordo de hoxe, e polo tanto pensamos que hai que preservar no que se poida aínda o bo funcionamento desta institución, e se vostede coincide comigo en que non ten valor de tipo electoral ningún, pois non sei qué se lles perdía coa convocatoria deste pleno, coas formas e co trasfondo que ten.

Polo tanto, seguimos mantendo a nosa posición, deixen vostedes que funcione a democracia, a democracia establece prazos, mecanismos, aínda nos queda, paréceme, dous plenos de carácter ordinario, e o que teñamos que solucionar, porque a lei permite que se solucione, solucionarémolo, e o que non deamos solucionado ata ese momento, cada un que pande coas súas responsabilidades, pero non nos poñamos nerviosos. É que dous plenos, un o día 9 e outro o día 23, desta forma tan tal, e con cousas que tamén son urxentes e que sabemos que aínda quedan encima da mesa, non son xustificables desde o punto de vista dunha institución normal.

E termino dicíndolle que si, que isto é a caravana do Partido Popular; isto é a caravana electoral do Partido Popular; isto é a caravana electoral do Partido Popular aínda que vostedes o queiran ocultar. Claro, o que pasa é que xa se decataron de que os números non cantaban, pero si que é a caravana electoral do Partido Popular. E é tremendo que sabendo o que sabemos todos os que estamos aquí, e sabendo ademais, como saben vostedes, que non se lles vai dar ningún resultado, metan á institución en debates, en mecánicas coma esta, que son mecánicas totalmente viciadas, que transmiten á cidadanía, eu creo que unha imaxe falsa, que polo menos algúns non defendemos. Hai que respectar as regras do xogo, e vostedes, con ese acto hoxe aquí, non as están respectando, é clarísimo que non as están respectando.

Polo tanto, dúas chamadas: unha á sensatez, e outra ó que hai que preservar por riba do que presente cadaquén. Despois do día 25 pasará o que pase, pero a deputación segue aí, e é lamentable que vostedes manchen, deixen aldraxado precisamente o bo funcionamento da deputación pola toma de decisións que deben de tomarse noutras condicións, non nas que se están tomando hoxe, que son de excepcionalidade. Por iso

nosoutros lle estamos pedindo, a través dunha mecánica que existe, que está prevista, unha normalidade no funcionamento desta deputación, que é que retiren eses temas da orde do día.

Eu lamento non poder contestarlle por outros; outros que contesten o que teñan que contestar, eu contéstolle polo noso. Non é unha condición normal na que estamos hoxe, e por iso estámoslle pedindo que volvan vostedes á normalidade antes de tomar acordos que nosoutros pensamos que, efectivamente, deixan dabondo tocada a liña de flotación da propia institución. E dicímosllo nosoutros que non gobernamos nesta deputación, de momento, ¿entende?, pero porque nos queda algo de responsabilidade, de ética, e tamén de estética, na política, ás veces tamén a estética é importante. E a estética do pleno de hoxe é unha estética, pois en fin, eu creo que bastante pouco atractiva. Eu, se fora vostedes, teñan por seguro que inmediatamente aínda que fora un acto, o único que fagan durante estes catro anos, que asumiran que se equivocaron, que esvararon, porque ademais vostedes sábeno, vostedes saben que ían cousas a comisións que despois se retiraron, porque vostedes se deron conta. Entón, aínda están vostedes a tempo, deixemos os temas da orde do día, e que se resolvan como se teñan que resolver. Non sei para a provincia da Coruña, non sei porque eses temas queden encima da mesa, téñano vostede seguro, non sei para a provincia da Coruña.

E despois, eu dígolle, sobre todo no tema do Deportivo, ándense vostedes con coidado, porque os nomes das cousas, por riba de quen estea á fronte das cousas, hai que preservalos, ¡eh! E vostedes estanlles facendo un fraco favor hoxe ó Club Deportivo da Coruña construíndo unha declaración que vai moi coxa, e estano facendo intencionadamente, estano facendo mal intencionadamente, e iso é un fraco favor que se lle fai ó Deportivo. Así de claro. E dígoo eu que non me gusta o fútbol, fíxese vostede, pero que entendo precisamente o Deportivo, como fenómeno social que é, no que hai xente que pensa de todas as maneiras, e que non debemos andar nosoutros os políticos a cobadadas para ver quen rendabiliza mellor iso.

Polo tanto, retiren vostedes eses temas da orde do día; teñamos o pleno cando o teñamos que ter, e falemos do que temos que falar.

Moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Eu crin que non interpretara mal a súa intervención, e reitérome na miña intervención anterior, e desde logo non hai mala intención de ningún tipo. E cando lle contestei a vostede non lle contestei a outro grupo; ó outro grupo houberalle contestado de maneira bastante diferente; como non está aquí, pois loxiclamente non o vou facer. Eu contéstolle ó Bloque

que, efectivamente, non foi goberno nesta deputación, pero o Bloque estaba no mesmo salón de sesións hai catro anos, o día 11 de xuño, véspera do 13, que era electoral, a situación era exactamente a mesma de hoxe, coa convocatoria dun pleno que tiña 28 puntos, onde o último punto era “convenio para a campaña de actuación contra os incendios forestais 1999”. Pois todo o sorprendido que se sentiu hoxe o Bloque naquela sesión non se sentiu nada sorprendido, non encontrou nada extraordinario, nin que non se respectaran as regras do xogo, nin nada antiestético, nin antiético, nin nada polo estilo. Ben, en todo caso, tiña un punto de vista naquel momento, e tiña un punto de vista bastante distinto nesta ocasión.

Nosoutros reiteramos, primeiro: respecto ás regras do xogo; segundo: a unha convocatoria legal e ordinaria, no senso dos antecedentes que eu teño e que dispoño aquí, onde repito que nin no ano 95, na intervención do Bloque, que tamén estaba aquí, en véspera de eleccións; nin no 99, na mesma situación, pois prodúcese ningún tipo de conflito nin de situación de sentirse un pouco raro.

E loxicamente, o Bloque non é capaz de demostrar que ningún dos puntos da orde do día pretende ter ningún tipo de carácter partidista. En absoluto. E reiteramos que na campaña de incendios é razoable tomar un acordo. ¿Que interese hai en facer unha proposta do Real Club Deportivo? E a pregunta poderá facerse doutra maneira ¿e por que non tomala agora?, ou ¿que interese hai en que non se faga agora? Eu creo que nosoutros o que non pretendemos en ningún momento é propiciar ningún desencontro, e loxicamente, a democracia, que fala ben dela, establece prazos e mecanismos; os prazos están cumpridos, e os mecanismos exactamente o mesmo. E nosoutros, loxicamente, temos moi clara a idea de que o Deportivo da Coruña non ten nada que ver con ningún grupo político nin con ningún sector político; o Deportivo ende ben, é de todos, e nosoutros tamén queremos sumarnos desde esta institución a unha proposta que, en todo caso, cada grupo responderá como crea oportuno, pero nosoutros o que entendemos é que esta deputación, esta institución, pode, debe sumarse ante un fenómeno social, colectivo, que é de todos.

Sr. presidente

Dúas palabras máis nada, creo que está todo dito. Primeiro, dicir que este pleno non cabe a menor dúbida de que é plenamente legal, non cabe a menor dúbida; segundo, que hai precedentes iguais ca estes e ninguén se rasgou as vestiduras no seu momento; e terceiro, que nosoutros non pretendemos con este pleno dar unha imaxe falsa á cidadanía, ó mellor a imaxe falsa á cidadanía pretenden outros grupos políticos que sexa así, por convocatorias de pleno; o que queremos ser é simplemente serios e responsables, e hai temas que de non aprobalos neste pleno, porque a partir do día 25 entramos na chamada xestión ordinaria, e non se poderían aprobar, e polo tanto, que se poñan en marcha as brigadas contra incendios terían que agardar, se cadra, a fins de xullo ou agosto, sabemos que a época estival é onde se producen máis incendios; esa doazón dese coche para promocionar a doazón de sangue,

que é un tema moi importante; esa tan desexada restauración do Mosteiro de Caaveiro, que leva demorándose cantidade de tempo, cremos que é o intre para contratala, e que empecen a traballar agora no verán; e por suposto este Monasterio de Caaveiro está na Capela, que todos sabemos que o alcalde da Capela, o bo amigo que estivo nesa institución, non é do Partido Popular.

Polo tanto, sentíndoo moito, imos manter todos os puntos porque cremos que é necesario aprobalos neste pleno e non que se demoren, máis ou menos, por dous meses.

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros pedimos que se queden todos os puntos sobre a mesa, polas razóns que dixemos. En todo caso, adianto que imos manter unha posición de abstención á hora da votación, en todos e cada un deles.

Procédese á votación de que os puntos da orde do día queden sobre a mesa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 3 deputados (BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

A seguir, procédese á votación do punto número 1.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Irmandade de Doadores de Sangue para a adquisición e cesión dun vehículo que se vai utilizar nas campañas de difusión da doazón de sangue, cun orzamento de 12.020

euros e con cargo á Aplicación 0202/413A/6299, nº de rexistro 7.270 con data do 15.05.03, fase 03/0001.”

2.-SUBSCRICIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APOIO ÓS DEPORTISTAS GALEGOS DE ALTO NIVEL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“**1.-** Aproba-la subscrición dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para o financiamento do Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel, de acordo co seguinte texto:

Borrador do convenio entre Deputación da Coruña e Xunta de Galicia para o financiamento do Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, representada pola Excm. Sra. Dna. Pilar Rojo Noguera, Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, en virude do seu nomeamento polo Decreto 18/2003, do 15 de xaneiro e o Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería,

Pola outra, a Deputación Provincial da Coruña. Representada polo Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación provincial, en virtude das competencias que lle outorgan o artigo 34 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

EXPOÑEN

Que a Xunta de Galicia conta entre as súas competencias a promoción deportiva e a axeitada utilización do lecer e que, no exercicio desas competencias, pretende poñer en marcha un Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel co fin de incrementa-la presenza de deportistas galegos en eventos deportivos internacionais. Preténdese, deste xeito, que os logros acadados por estes deportistas sirvan de estímulo ós deportistas máis novos así como para xerar entre a poboación galega un maior interese pola práctica deportiva.

Que a Deputación da Coruña conta entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre os que se atopan o fomento das actividades deportivas e a colaboración coas entidades que as fan posible. Así mesmo, considera que o Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel suporá un importante estímulo ós deportistas e entidades deportivas da provincia da Coruña, polo que amosa o seu interese en apoiar economicamente e colaborar coa Xunta de Galicia no desenvolvemento dese programa.

Ámbolos dous convenientes, recoñecéndose mutuamente a capacidade necesaria

DECIDEN

Celebrar un Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o de regula-las condicións económicas e xurídicas derivadas do compromiso expreso da Deputación da Coruña de ofrecer a súa colaboración e prestar apoio económico ó Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel que desenvolverá a Xunta de Galicia co fin de axudar economicamente ós deportistas galegos con proxección e, deste xeito, incrementa-la presenza de deportistas galegos nas máis importantes competicións internacionais.

SEGUNDA.- A Xunta de Galicia asume o financiamento do programa mediante a concesión de axudas en forma de bolsas ós deportistas seleccionados baixo un importe mínimo, que dependerá tanto do número de beneficiarios como das disponibilidades orzamentarias en cada exercicio e que se formalizarán de acordo cos criterios da Resolución da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, pola que se realizará a convocatoria pública de concesión de bolsas do Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel.

TERCEIRA.- A Deputación da Coruña comprométese a entregar á Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado ou ó órgano que se cree para a xestión do Programa de apoio ós

deportistas galegos de alto nivel no ano 2003, a cantidade de 90.000 euros a partir da resolución emitida polo organismo competente na que se regulen os importes das axudas concedidas polo devandito programa.

Esta cantidade só poderá ser destinada ás axudas a deportistas da provincia da Coruña.

CUARTA.- A deputación terá os seguintes dereitos:

- a) Utilización nas súas campañas publicitarias da expresión “Patrocinador do Programa de axudas ós deportistas galegos de alto nivel”.
- b) Contar coa presenza de deportistas coruñeses bolseiros do programa en actos relacionados co deporte organizados pola deputación, coa condición de que non supoña unha interferencia no programa de adestramentos e competicións do deportista.
- c) A Deputación da Coruña, xunto con outros posibles colaboradores, formará parte da Comisión Mixta que a Xunta de Galicia cree para a execución e seguimento do programa.
- d) A Deputación aparecerá como entidade colaboradora nas campañas de promoción do programa que se realicen.

QUINTA.- Serán beneficiarios do Programa de apoio ós deportistas galegos de alto nivel os deportistas que cumpran cos requisitos marcados pola Comisión Mixta que se cree para a execución e seguimento do devandito.

As Federacións Deportivas Galegas proporán os deportistas susceptibles de ser bolseiros do programa na súas respectivas modalidades segundo o procedemento que se estableza regulamentariamente.

SEXTA.- O presente contrato rematará o 31 de decembro de 2003. O convenio entenderase prorrogado automaticamente, nos mesmos termos e condicións, se non media denuncia expresa por calquera das partes cun mes de antelación á data de finalización del.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das obrigas asumidas no presente convenio será causa bastante para a súa denuncia.

OITAVA.- Posúe o presente convenio natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

A Conselleira de Familia,
Xuventude e Voluntariado

A Deputación da Coruña

Asdo. Pilar Rojo Noguera

Asdo. José Luis Torres Colomer

2.- No texto definitivo do convenio deberán constar os seguintes aspectos:

* Importe da achega Xunta de Galicia.

* Forma de acreditación do destino final dos fondos provinciais.”

3.-APROBACIÓN DO PLAN 2000 DE REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO PROVINCIAL (INTEGRADO NA 6ª FASE DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR), INTEGRADO POLO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO MOSTEIRO DE CAAVEIRO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o Plan 2000 de rehabilitación do patrimonio histórico provincial (integrado na 6ª fase do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular), integrado polo proxecto Rehabilitación do Mosteiro de Caaveiro, así como os honorarios de codirección e coordinación da seguridade e saúde, cun orzamento total de 1.465.570,35 euros, con cargo á partida 305/469A/62931 e que se detalla do seguinte modo, quedando modificado en consecuencia o acordo do Pleno con data do 28 de maio de 1999.

	2.003	2.004	TOTAL
Obras de Rehabilitación	858.032,80	581.473,19	1.439.505,99
Co-dirección e seguridade e saúde	14.096,74	11.967,62	26.064,36
TOTAL	872.129,54	593.440,81	1.465.570,35

2.-Expor ó público o plan e o proxecto que o integran mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.-Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

4.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a rectificación e actualización do inventario de bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña.”

5.-CONVALIDACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA OBRA “MELLORA ARREDORES DE PONTEPEDRA”, TORDOIA, PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA (ANUALIDADE 2001).

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Convalidar as actuacións realizadas polo concello de Tordoia para adxudicar a obra Mellora de arredores de Pontepedra, concello de Tordoia, cód. 02.4300.0181.0, incluída na terceira relación de obras, servicios e subministración do Plan XXI fomento do turismo de natureza (anualidade 2002) aprobada polo Pleno Corporativo o 28 de marzo de 2003.”

6.- CONVENIO TIPO DA CAMPAÑA DE ACTUACIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2003.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º) Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e concellos da provincia que asinen o convenio coa Consellería de Medio Ambiente para a Campaña de actuación contra os incendios forestais.

2º) Incluír na citada campaña ós concellos que se relacionan en concordancia coa certificación dos convenios asinados coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

3º) Aprobar a achega da Deputación polo importe de 3.010 €por cuadrilla e mes sendo un total de 86 cuadrillas, segundo se relacionan a continuación cunha duración de 2 meses e 2,5 meses, supoñendo un total que ascende a 633.605€

CONCELLO	CUADRILLAS	MESES	TOTAL
AMES	1	2,5	7.525
ARANGA	1	2,5	7.525
ARTEIXO	1	2,5	7.525
ARES	1	2,5	7.525
ARZÚA	1	2,5	7.525
A BAÑA	1	2,5	7.525
BERGONDO	1	2,5	7.525
BOIMORTO	1	2,5	7.525
BOIRO	1	2,5	7.525
BOQUEIXÓN	1	2,5	7.525
BRIÓN	1	2,5	7.525
CAMARIÑAS	1	2,5	7.525
CAMBRE	1	2,5	7.525
CARBALLO	1	2,5	7.525
CARNOTA	1	2,5	7.525
CEDEIRA	1	2,5	7.525
CEE	1	2,5	7.525
CERCEDA	1	2,5	7.525

CERDIDO	1	2,5	7.525
CESURAS	1	2,5	7.525
COIRÓS	1	2,5	7.525
CORISTANCO	1	2,5	7.525
CULLEREDO	1	2,5	7.525
CURTIS	1	2,5	7.525
DUMBRÍA	1	2,5	7.525
FENE	1	2,5	7.525
FRADES	1	2,5	7.525
IRIXOA	1	2,5	7.525
A LARACHA	1	2,5	7.525
LOUSAME	1	2,5	7.525
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
MAÑÓN	1	2,5	7.525
MAZARICOS	1	2,5	7.525
MELIDE	1	2,5	7.525
MESÍA	1	2,5	7.525
MIÑO	1	2,5	7.525
MUGARDOS	1	2,5	7.525
MUXÍA	1	2,5	7.525
MUROS	1	2,5	7.525
NARÓN	1	2,5	7.525
NEGREIRA	1	2,5	7.525
NOIA	1	2,5	7.525
ORDES	1	2,5	7.525
ORTIGUEIRA	1	2,5	7.525
OUTES	1	2,5	7.525
OZA DOS RÍOS	1	2,5	7.525
PADERNE	1	2,5	7.525
PADRÓN	1	2,5	7.525
O PINO	1	2,5	7.525
A POBRA DO CARAMIÑAL	1	2,5	7.525
PONTECESO	1	2,5	7.525
AS PONTES	1	2,5	7.525
PORTO DO SON	1	2,5	7.525
RIANXO	1	2,5	7.525
RIBEIRA	1	2,5	7.525
ROIS	1	2,5	7.525
SADA	1	2,5	7.525
SAN SADURNIÑO	1	2,5	7.525
SANTA COMBA	1	2,5	7.525
SOBRADO	1	2,5	7.525

TEO	1	2,5	7.525
TOQUES	1	2,5	7.525
TORDOIA	1	2,5	7.525
TOURO	1	2,5	7.525
TRAZO	1	2,5	7.525
VALDOVIÑO	1	2,5	7.525
VAL DO DUBRA	1	2,5	7.525
VEDRA	1	2,5	7.525
VILASANTAR	1	2,5	7.525
VILARMAIOR	1	2,5	7.525
ZAS	1	2,5	7.525
CARIÑO	1	2,5	7.525
CARRAL	1	2,5	7.525
ABEGONDO	1	2,5	7.525
OROSO	1	2,5	7.525
SANTISO	1	2,5	7.525
FISTERRA	1	2,5	7.525
ROIS	1	2	6.020
TEO	1	2	6.020
VAL DO DUBRA	1	2	6.020
RIBEIRA	1	2	6.020
MAZARICOS	1	2	6.020
A POBRA DO CARAM.	1	2,5	6.020
ORTIGUEIRA	1	2,5	6.020
CARBALLO	1	2,5	6.020
OUTES	1	2,5	6.020
TOTAIS	86		633.605

4º) O órgano competente para a aprobación dos convenios é o Pleno da Corporación

5º) Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos coa Consellería de Medio Ambiente e os concellos da provincia.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA A CAMPAÑA DE ACTUACIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

A Coruña, de dou mil tres.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario da Corporación.

Doutra parte D.

MANIFESTAN

Que ambos teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña poderá conceder subvencións con cargo ós créditos consignados no seu presuposto, e de conformidade coas competencias asinadas ás deputacións provinciais nos artigos 31 e 36 da Lei 7/85 de bases de réximen local e no artigo 23 e seguintes do Regulamento de servicios das corporacións locais.

Que o obxecto do convenio é coordinar os esforzos na loita contra os incendios forestais na provincia da Coruña e conseguir, desta maneira, erradicar o impacto negativo que supoñen tanto na nosa economía provincial, como no medio ambiente.

O presente convenio artículase na liña de continuidade coas actuacións que vén realizando a Deputación, e máis concretamente, coas axudas concedidas ós concellos da provincia dende 1997.

Polo exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS :

1º.- O ámbito deste convenio abarca, exclusivamente, a provincia da Coruña.

2ª.- O Concello de _____ ten creadas _____ Cuadrillas de Extinción, segundo o convenio asinado coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, que actuará durante _____ meses na loita contra os incendios forestais.

3ª.- Cada Cuadrilla de Extinción está composta por un mínimo de cinco membros a disposición do Servicio de Defensa Contra Incendios Forestais (SDCIF), sendo a súa contratación, operatividade e responsabilidade de contratación do propio concello, segundo as cláusulas establecidas no convenio asinado coa Consellería de Medio Ambiente. .

4ª.- A Deputación da Coruña, mantendo a súa tradición de colaboración na loita contra os incendios forestais, participará mediante o aboamento dunha subvención, por un importe que ascende a 3.010 € por cuadrilla e mes destinadas a financiar todos os gastos de mantemento da cuadrilla como os de nóminas de persoal, material funxible, pequeno equipamento - sempre que non sexan de investimento no inmovilizado material - etc., a achega da Deputación acumulada coa da Consellería de Medio Ambiente, non poderá superar o gasto efectivamente realizado. Para tal efecto, se non se acadaran xustificar gastos polo importe da suma de ambas as dúas achegas, minorarase a subvención concedida de acordo ó importe xustificado.

5ª.- A forma de pago realizarase do seguinte xeito:

Anticipo prepagable coa condición de "a xustificar" do 50 %, unha vez realizada a sinatura do presente convenio.

O 50 % restante, despois da certificación dos gastos realizados, expedida polo secretario do concello

6ª.- A última certificación do gasto deberá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación durante o primeiro semestre do ano 2004.

7ª.- Para o pago das certificacións de gasto, o concello deberá estar ó corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación da Coruña (artº. 170.2 da Lei 39/1988, reguladoras das facendas locais) situación que determinara de oficio a propia Deputación.

8ª.- O xustificante de gasto da última certificación deberá acompañala certificación da Consellería de Medio Ambiente de que se cumpriron as esixencias do convenio.

Así mesmo deberá presentar certificación de non haber percibido para a mesma finalidade outras subvencións públicas ou privadas, e no caso contrario a axuda de todas elas non poderá superar o 100% do gasto efectivamente realizado.

O incumprimento das obrigacións derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste, e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas.

9ª.- No caso de resolución do convenio coa Consellería de Medio Ambiente, terá como consecuencia inmediata a rescisión do convenio coa Excma. Deputación, debendo devolverlle ó concello a deputación as cantidades aboadas en concepto de anticipo prepagable, cos xuros de mora xerados, autorizándose á Deputación Provincial para utilizar para tal efecto a compensación de tales débitos co concello.

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten poñerán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Sendo de conformidade o establecido no presente convenio asíñase no lugar e data indicados.”

7.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN GRUPO LOCAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTODEMOUROS PARA FINANCIAR O PROXECTO LEADER + DE PORTODEMOUROS, EIXE 2 “COOPERACIÓN”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación do Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros para financiar o proxecto Leader + de Portodemouros no seu eixo 2 “Cooperación”.

2º.-A achega provincial establecida no convenio ascende á cantidade de 66.000 € durante o período 2003/2006.

3º.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN GRUPO LOCAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTODEMOUROS.

A Coruña, de de dous mil tres

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, a Sra. Dona. María del Carmen Furelos Gaiteiro, Directora do Proxecto de Cooperación do Leader + de Portodemouros en representación do Grupo de Acción Local de Portodemouros.

Ambos actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante deputación, que ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia, conscente da importancia que para o desenvolvemento social e económico do seu territorio ten a participación de entidades públicas e privadas nos programas europeos, apoia a execución de proxectos comunitarios que axuden a mellorar a renda e a calidade de vida dos habitantes das zonas da provincia con menos recursos, asegurando a conservación do espacio e dos recursos naturais.

A Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Portodemouros, en adiante AGLDR Portodemouros, ten como obxecto social contribuír ó desenvolvemento económico e social na súa zona de actuación, facilitando unha estrutura de concertación e cooperación, asesoramento e asistencia técnica, animación e apoio directo, e entre os seus fins figuran os de diversificar, revalorizar e complementar as producións agrícolas no seo das explotacións e complementalas; implantar novas alternativas económicas e sociais á agricultura; elaborar, desenvolver e executar programas de ordenación e promoción dos recursos naturais e humanos; e favorecer, no seu ámbito de actuación, a concertación, o intercambio e o diálogo entre as comunidades rurais.

Segundo:

A AGLDR Portodemouros está desenvolvendo un proxecto Leader + no período 2002/2006, no que participan 17 concellos, dos cales 11 pertencen á provincia da Coruña: Arzúa; Boimorto; Boqueixón, Melide; O Pino, Santiso; Sobrado; Toques; Touro, Vedra e Vilasantar.

Terceiro:

A Deputación da Coruña considera do máximo interese apoiar a participación activa dos municipios da súa provincia en proxectos de interese europeo.

Sendo ámbalas institucións conscentes da necesidade e impulsar o desenvolvemento endóxico e sostido na provincia da Coruña e de asegurar a xestión de programas con financiamento europeo, veñen a establecer un acordo de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

Apoiar a realización do proxecto Leader + xestionado pola AGLDR Portodemouros, cooperando no desenvolvemento das comarcas coruñesas de Arzúa e Terra de Melide.

SEGUNDA: FINANCIAMENTO

A deputación financiará o proxecto Leader + de Portodemouros coa cantidade de 66.000 € anuais, durante o período previsto para executar o proxecto 2003/2006. A achega provincial destinarase a financiar o eixe 2 “Cooperación” do proxecto, consonte co indicado no plan financeiro por eixes e fontes de financiamento anexo a este convenio.

A achega da deputación representa o 16,692% do importe proporcional correspondente a 11 concellos participantes no eixe 2 e no período indicado, consonte co indicado no seguinte cadro financeiro:

EIXE2: COOPERACIÓN		
Período (ano)	Importes	
	Total	11 concellos
2.001	533.061,10 e	344.921,88 €
2.002	504.510,47 €	326.447,95 €
2.003	572.335,62 €	370.334,81 €
2.004	577.349,39€	373.579,01 €
2.005	631.421,49 €	408.566,84 €
2.006	663.105,72 €	429.068,40 €
TOTAL	3.481.783,80 €	2.252.918,92 €
Período 2003/06	2.444.212,22 €	1.581.549,08 €
Achega provincial 2003/06		264.000 €
Porcentaxe financiamento 2003/06		16,692 %

A achega provincial anual de 66.000 € terá as seguintes porcentaxes de financiamento, consonte coas cantidades asignadas no eixe 2 do proxecto considerando os 11 concellos da provincia da Coruña e de acordo co indicado no cadro anterior:

Exercicio 2003	17,821%
Exercicio 2004	17,666%
Exercicio 2005	16,154%
Exercicio 2006	15,382%

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade que sexan distintas das xa indicadas no cadro financeiro do proxecto. En todo caso, deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

Se para realizar o obxecto do presente convenio, a AGLDR Portodemouros recibira subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase en cantidade equivalente a dito exceso a achega da deputación.

TERCEIRA.: FORMA DE PAGAMENTO

A achega provincial librarase unha vez remitida a AGLDR Portodemouros conta detallada de gastos e pagamentos á deputación referidos ó eixe 2 “Coooperación” do proxecto en concreto:

Proxecto: vía Francígena e Camiño de Santiago. Os camiños da fe.

Proxecto: Carta da calidade

Proxecto: Valorización da apicultura. Apicultura, o sabor dunha historia.

Proxecto: Aldeas de tradición en Europa.

A AGLDR Portodemouros deberá remitir, en todo caso antes do 30 de novembro de cada ano, a conta detallada dos gastos e pagamentos realizados, na que constará como mínimo:

Informe sobre a marcha das actuacións correspondentes ó eixe 2 do proxecto.

Certificación de gastos/pagamentos imputable ó eixe 2, asinada polo responsable administrativo e financeiro.

Relación detallada e ordenada de gastos/pagamentos certificados.

Fotocopia compulsada dos correspondentes documentos xustificativos.

As propostas de pagamento serán informadas polos Servicios de Planificación, Patrimonio e Contratación e pola Intervención Xeral.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación de acordo coa porcentaxe de financiamento indicado na cláusula segunda, parágrafo relativo ás porcentaxes de financiamento provincial. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula segunda.

CUARTA: DIRECCIÓN TÉCNICA

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ó Servicio de Planificación e Control/IPE.

QUINTA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el será competencia da xurisdicción contencioso administrativa. Para a resolución de dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións públicas.

SEXTA: VIXENCIA

O presente convenio finalizará co cumprimento íntegro do obxecto establecido nel e, en todo caso, o 31 de decembro de 2006.

En proba de conformidade, as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Lido por ambas as dúas partes, e en proba de conformidade asínano e outorgan en exemplar triplicado, na cidade e data arriba indicados.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadriplicado no lugar e data fixados no encabezamento.”

8.-PROPOSTA DE DECLARACIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO Ó REAL CLUB DEPORTIVO DE A CORUÑA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo seguinte texto:

PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DA DEPUTACIÓN Ó REAL CLUB DEPORTIVO DA CORUÑA

O Goberno da Deputación Provincial, quere propoñerlle un recoñecemento institucional ó Real Deportivo da Coruña, tal como viñeron facendo outras institucións como a Universidade da Coruña ou suxiren colectivos e particulares. Abrindo con esta proposta as canles administrativas para unha futura concesión da Medalla de Ouro da Provincia na lexislatura seguinte, coincidente co centenario do Club.

Avalían esta proposta infinidade de argumentos:

- * Pola significación do fútbol na contemporaneidade, como camiño de madurez nun punto de encontro tolerante de diferentes pobos, idioloxías, crenzas, sensibilidades...
- * Mesmo como reflexo dunha vida de retos e competitividade á que hai que enfrentarse en equipo solidario, sabendo aceptar as derrotas e compartir os triunfos.
- * Polos logros conseguidos polo Deportivo na última década ata chegar ás máis altas cotas do fútbol mundial.
- * Polo conseguinte ánimo, ilusión e autoestima de canto significa para a cidade da Coruña e a súa provincia, como de toda Galicia.
- * Por ser un novo referente universal, identificando a nosa provincia e Galicia no mundo.
- * Pola compoñente económica en auxe, en relación co turismo, coas empresas auxiliares (medios de comunicación, transporte, hostalería, etc, etc.)

* Polos esforzos en crear "canteira" e planificar futuro.

Entende o Goberno da Deputación Provincial que esta institución que ten entre os seus fins ó estímulo ó deporte por canto significa na formación e solidariedade dos individuos, non pode ser allea a este singular e emerxente fenómeno social que nace na propia capital da provincia. Polo que propón esta declaración de recoñecemento."

9.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE Ó QUINTO MES DE 2003.

INTERVENCIONS

Sr. presidente

Esta proposta é porque cremos, por tempo, que o pleno ordinario que estaba para o día 30 deste mes, é un pouco acelerado e simplemente é trasladar este pleno ó día 6, creo ademais por motivos de operatividade e de funcionariado desta casa. De todas formas, hai que ratificar a inclusión deste punto na orde do día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG)

Procédese á votación da proposta.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó quinto mes de 2003 celebrárase o día 6 de xuño, venres, a partir das doce horas.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.